

POLÍTICAS PARA AS REDES DE ÁREA LOCAL SEN FÍOS (WIRELESS)

Este documento establece as liñas de uso responsable e ético para a totalidade dos recursos de computación e comunicacións electrónicas sen fíos (wireless) presentes na Universidade da Coruña (UDC).

A política para redes de área local sen fíos ten como obxectivo garantir os dereitos básicos á comunidade universitaria:

1. Privacidade dixital
2. Uso responsable dos recursos

O cumprimento da totalidade da presente política é responsabilidade última do usuario. O acceso é un dereito que pode ser limitado e revogado. O abuso ou violación de políticas universitarias, aprobadas en Xunta de Goberno, ou da lexislación actual vixente, de aplicación directa ou indirecta na UDC, supón a perda ou limitación do dereito de acceso.

Estándares permitidos

A UDC adopta os seguintes protocolos aprobados polo IEEE (Institute of Electrical and Electronics Engineer, Inc) para uso en entornos sen fíos:

- IEEE 802.11b
- IEEE 802.11g

O abuso dos protocolos anteriores, uso de protocolos alternativos ou xeración de tramas potencialmente maliciosas non está permitido.

Frecuencias permitidas

Só a frecuencia de radio empregada polos estándares para redes sen fíos 802.11b e 802.11g pode ser empregada. O resto de frecuencias non poden ser empregadas no acceso á rede sen fíos.

É unha violación desta política xerar interferencias degradando ou impedindo comunicacións na rede sen fíos.

Equipo de conexión do usuario

É responsabilidade do usuario adquirir a tarxeta de rede para uso na UDC que cumpra a lexislación vixente e política universitaria para redes sen fíos.

Accións explicitamente prohibidas

- Queda prohibido o acceso ou uso, directo ou indirecto, daquelas persoas que non estean na posesión dunha conta activa, vixente e asignada directamente pola Unidade de Xestión de Rede dos Servizos de Informática e Comunicación (SIC).
- Só está permitido o acceso desde as áreas contempladas no mapa de cobertura.
- A manipulación e alteración da infraestrutura física ou lóxica desta rede constitúe unha violación da política.
- Fluxo de información que viole a lexislación actual
- Espallar información, directa ou indirectamente relacionada con configuración ou aspectos técnicos da infraestrutura da rede que poñan ou poidan poñela en perigo, non está permitido.
- Non se permite o emprego compartido de contas de acceso ou configuracións software/hardware que o permitan.
- A simulación, emulación ou clonación de dispositivos de rede sen fíos non está permitida.

Resposta do usuario ante accións non previstas

É responsabilidade do usuario comunicar e tramitar calquera acción non prevista ou inesperada que constitúa violación, ou posibilidade dela, da política universitaria ou lexislación vixente.

Aceptación

Os usuarios de recursos de computación e comunicacións electrónicas da UDC deben ler e aceptar a totalidade desta política antes de facer uso deles.

Ligazóns de interese

1. Rede UDCWIFI: <http://www.udc.es/udcwifi>

Unha vez lido este documento, eu _____, con DNI _____, acepto as políticas que nel se establecen.

_____ a ____ de _____ 20__

(sinatura do solicitante)